

A vida de Ma Parker

Katherine Mansfield

Tradución de María Ana Valladares Fernández



Cando o cabaleiro literato, cuxo vello piso limpaba a anciá señora Ma Parker todos os martes, lle abriu a porta aquela mañá, preguntoulle polo seu neto. Ma Parker detívose sobre o felpudo dentro do escuro e pequeno vestíbulo, estirou a man para axudarlle ao seu señor a pechar a porta, antes de contestar:

—Enterrámolo onte señor —dixo sosegadamente.

—Meu deus! Canto sinto escoitar iso! —dixo o cabaleiro literato con voz de desgusto. Estaba no medio do almorzo. Levaba unha bata moi esfiañada e un xornal engurrado nunha man. Pero sentiuse incómodo. Era case incapaz de volver á acollidora sala sen dicir algo, sen dicir algo máis. Pero como aquela xente lle concedía tanta importancia aos funerais díxolle amablemente:

—Espero que todo fose ben no funeral.

—Como di, señor? —dixo a anciá Ma Parker con voz rouca. Pobre mulleriña! Parecía totalmente abatida.

—Espero que o funeral saíse... ben —dixo.

Ma Parker non respondeu. Agachou a cabeza e saíu cambaleando cara á cociña, asindo a vella bolsa de peixe na que levaba as cousas da limpeza, un mandil e unhas zapatillas de feltro. O cabaleiro literato arqueou as cellas e volveu poñerse co almorzo.

—Estará abatida, supoño —dixo en voz alta servíndose marmelada.

Ma Parker quitou os dous alfinetes da toca e colgouna detrás da porta. Desabotoou a luída chaqueta e colgouna tamén. Logo atou o mandil e sentou para quitar as botas. Quitar ou poñer as botas era un suplicio para ela, pero fora un suplicio durante anos. De feito estaba xa tan afeita á dor que o seu rostro se retorcía e se preparaba para a punzada moito antes de desatar os cordóns. Unha vez rematou recostouse na cadeira emitindo un suspiro e fregou suavemente os xeonllos...

—Avoa, avoa! —icíalle o seu netiño coas botas no seu colo. Acababa de volver de xogar na rúa.

—Mira como lle puxeches a saia á avoa...! Neno malo!

Pero el rodeáballe o pescozo cos brazos e fregaba a súa meixela contra a dela.

—Avoa, dános unha moeda! —dicíalle con garatuxas.

—Lisca de aquí; a avoa non ten cartos.

—Si, si que tes.

—Non, non teño.

—Si, si que tes. Dános unha moeda!

E xa estaba ela a buscar o seu vello e achaparrado bolso de coiro negro.

—Ben, e ti que lle vas dar á túa avoíña?

El botaba unha tímida risiña e apertábase máis contra ela. Ela notaba as súas pestanas tremelicándolle na meixela.

—Eu non teño nada, murmuraba...

A anciá ergueuse de súpeto, retirou do fogón a pota de aceiro e levouna ao vertedoiro. O ruído da auga ao encher a pota amorteceu a súa dor, iso parecía. Encheu tamén o balde e a cubeta do vertedoiro.

Necesitaríase un libro enteiro para describir o estado daquela cociña. Durante a semana o cabaleiro literato “apañábase” só. É dicir, baleiraba unha e outra vez as follas do té nun tarro de marmelada destinado para tal propósito, e cando quedaba sen garfos limpos, limpaba un ou dous coas toallas de rodela. Polo demais, como lle explicaba aos seus amigos, o seu “sistema” era bastante sinxelo, e non conseguía entender como a xente facía tantos espaventos coas tarefas domésticas.

—Ensucias todo o que tes, contratas unha vella unha vez á semana para que limpe e todo resolto.

O resultado era similar a un xigantesco caldeiro do lixo. Ata o chan estaba estrado de anacos de pan torrado, sobres e cabichas. Pero Ma Parker non lle tiña ningunha zuna. Dáballe pena aquel pobre cabaleiro aínda novo por non ter ninguén que o coidase. Pola xanela afumada podíase ver unha inmensa extensión de ceo melancólico, e sempre que había nubes parecían nubes moi raídas, vellas, esfiañadas polos bordos, con buratos ou manchas escuras como o té.

Mentres a auga quecía, Ma Parker empezou a varrer o chan. “Si”, pensou, mentres a vasoira se abaneaba, “entre unha cousa e a outra xa pasei as miñas. Tiven unha vida dura”.

Ata os seus veciños o dicían. Moitas veces, cando volvía cambaleando á casa coa súa bolsa de peixe, oía como se dicían, entre eles, mentres esperaban nunha esquina,

ou se inclinaban sobre o enreixado das fincas: “Que vida máis dura!, que vida máis dura tivo Ma Parker!”. E era tan certo, que non sentía a máis mínima chisca de orgullo por iso. Era igual que dicir que vivía no soto de atrás do número 27. Que vida máis dura...!

Aos dezaseis anos abandonara Stratford e marchara a Londres como axudante de cociña. Si, nacera en Stratford-on-Avon. Shakespeare, señor? Non, a xente sempre lle preguntaba por el. Pero nunca oíra ese nome ata que o viu nos teatros.

Xa non quedaba nada de Stratford agás cando “estaba sentada ao lume unha noite na que podían verse as estrelas pola cheminea”, e “mamá sempre tiña a súa lasca de touciño colgando do teito”. E había algo —unha mata—, na porta da entrada, que sempre arrecendía tan ben. Pero a mata era moi difusa. Só a recordou unha ou dúas veces no hospital, cando se puxera enferma.

Aquela casa fora horrible, a súa primeira casa. Nunca a deixaban saír. Nunca subía á planta de arriba agás para os rezos da mañá e da noite. O soto non estaba mal pero a cociñeira era unha muller cruel. Adoitaba quitarlle as cartas que recibía da casa antes de que tivese tempo a lelas e botáballas ao lume porque a facían fantasiar... E os escaravellos! Aínda que non o creses, xamais vira un escaravello negro ata que foi a Londres. Neste punto Ma sempre botaba unha pequena gargallada, pero mira que non ver nunca un escaravello! Vaia! Era coma dicir que nunca viras os teus propios pés.

Cando aquela familia foi desafiuzada marchou de “asistenta” á casa dun médico, e despois de dous anos alí, correndo da mañá á noite, casou co seu marido. Era panadeiro.

—Un panadeiro, señora Parker! —adoitaba dicir o cabaleiro literato. Porque algunhas veces deixaba de lado os seus volumes e, polo menos, escoitaba ese produto chamado Vida—. Debe de ser bastante bonito estar casada cun panadeiro!

A señora Parker non parecía tan segura.

—Unha profesión tan limpa —dicía o literato.

A señora Parker non parecía convencida.

—Pero non lle gustaba entregarlles o pan saído do forno aos clientes?

—Mire, señor —dicía Ma Parker, eu non lle estaba moito arriba, na tenda. Tivemos trece nenos e enterramos sete. Xa sabe, se non era o hospital, era a enfermería!

—Nin que o diga señora Parker! —dicía el, estarecendo e volvendo empuñar a pluma.

Si, sete morreran, e mentres os outros seis aínda eran pequenos, o seu marido enfermara de tise. Fariña nos pulmóns, díxeralle daquela o médico a ela... O seu marido sentou na cama coa camisa subida ata a cabeza, e o dedo do doutor debuxou un círculo sobre as súas costas.

—Mire, se agora lle abrísemos un corte aquí, señora Parker —dicía o doutor—, vería que ten os pulmóns ateigados de po branco. Respire, amigo meu! —E a señora Parker nunca soubo se en realidade vira ou se imaxinara que vía unha gran bafarada de po branco saír dos beizos do seu pobre marido...

E o que tivera que loitar para sacar adiante aqueles seis nenos pequenos e para manterse a si mesma. Fora terrible! E entón, cando xa eran grandíños para iren a escola, a irmá do seu marido veu a vivir con eles para axudarlles, e non levaba alí máis dous meses cando caeu por un tramo de escaleiras e mancouse na columna. E durante cinco anos Ma Parker tivo outra nena para coidar, e ¡vaia con ela cando choraba! Logo, a pequena Maudie colleu un camiño equivocado e arrastrou con ela a súa irmá Alice; os dous rapaces emigraron, o pequeno Jim foi á India co exército, e Ethel, a máis nova, casou cun camareiriño de pouca monta que morreu de úlceras o ano no que naceu o pequeno Lennie. E agora o pequeno Lennie, o meu neto...

Lavou e secou a morea de cuncas sucias e de pratos sucios. Limpou as manchas negras dos coitelos cun anaco de pataca e deulles o acabado cun anaco de cortiza. Fregou a mesa, o aparador e o vertedoiro no que flotaban colas de sardiña...

Nunca fora un neno forte, nunca, dende que nacera. Era un deses bebés louros a quen todo o mundo tomaba por unha nena. Tiña rizos louros prateados, ollos azuis, e un pequeno lunar, como un diamante, a un lado do nariz. Os traballiños que pasaran Ethel e mais ela para criar aquel neno! Probaran con el tantas cousas dos xornais! Cada domingo pola mañá Ethel lía en voz alta mentres Ma Parker facía a coada.

“Señor director: Só un par de liñas para facerlle saber que o meu pequeno Myrtil estaba a piques de morrer... E tras catro frascos de ... aumentou 8 libras en 9 semanas, e aínda continúa a engordar”.

E entón sacábase do aparador a oveira coa tinta e escribíase a carta, e Ma facía o xiro postal ao día seguinte pola mañá de camiño ao traballo. Pero era en balde. Nada lle facía engordar ao pequeno Lennie. Nin sequera levándoo ao cemiterio collía algo de cor; tampouco unha boa sacudida no autobús melloraba o seu apetito.

Pero dende o principio fora o neno da avoa...

—De quen é este neno? —dixo a anciá Ma Parker deixando os fogóns e dirixíndose cara á afumada ventá. E unha voceciña tan cálida, tan próxima, que case a sufocou (parecía xurdir do seu peito, de debaixo do seu corazón) botou unha gargallada e dixo: “Son o neno da avoíña!”.

Naquel momento escoitouse o ruído de pasos e o cabaleiro literato apareceu, vestido para saír.

—Señora Parker, vou saír.

—Moi ben señor.

—Atopará a súa media coroa na bandexa da escribanía do tinteiro.

—Grazas señor.

—Por certo señora Parker —dixo o cabaleiro literato rapidamente—, non tirou vostede un pouco de cacao a última vez que estivo aquí, verdade?

—Non señor.

—Que estraño! Xuraría que deixei unha cullerada de cacao na lata —argumentou. Continuou con voz doce pero firme—: Sempre que tire algunha cousa dígamo, vale, señora Parker?

E saíu moi satisfeito de si mesmo, convencido, en realidade, de que acababa de demostrarlle á señora Parker que, baixo a súa aparente indiferenza, era tan observador como unha muller.

A porta pechouse de golpe. Ma Parker levou a vasoira e os panos ao dormitorio. Pero cando empezou a facer a cama, alisando a roupa, someténdoa e acolchándoa, a lembranza do pequeno Lennie fíxose insoportable. Por que tivera que sufrir tanto? Iso era o que ela non podía comprender. Por que un neniño anxelical ten que clamar pola respiración e loitar por ela? Facer sufrir a un neno dese xeito non tiña sentido ningún.

Daquela caixiña que era o peito de Lennie, proviña un son coma se algo estivese a ferver. Tiña un gran nó de algo que gurgullaba no seu peito e que non era quen de expulsar. Cando tusía a suor cubríalle a cabeza; os ollos saíanlle das órbitas, tremíanlle as mans e o gran nó fervía á cachón como cando unha pataca salta dentro dun cazo. Pero o peor de todo era que cando non tusía, recostábase sentado contra a almofada, e nunca falaba nin contestaba, mesmo facía coma se non oíse. Simplemente parecía coma se estivese ofendido.

—A túa pobre avoíña non pode facer nada, meu amoriño —dicía Ma Parker, apartándolle o pelo húmido das súas orellañas escarlata. Pero Lennie movía a cabeza e afastábase. Parecía terriblemente resentido con ela... e solemne. Baixaba a cabeza e mirábaa de esguello, coma se nunca houbera de pensar aquilo da súa avoa.

Pero ao cabo... Ma Parker botou a colcha sobre a cama. Non, simplemente non podía pensar niso. Era demasiado... tivera que aguantar demasiado na vida. Ata agora aguantara, mantivera o tipo, e ninguén a vira chorar nin unha soa vez. Nunca, nin unha soa alma. Nin os seus propios fillos a viran virse abaixo. Sempre levara a cabeza ben alta. Pero agora...! Lennie marchara... que lle quedaba? Non lle quedaba nada. Era todo o que obtivera desta vida, e agora tamén llo quitaran. “Por que todo ten que ocorrerme a min?”, preguntouse.

—Que fixen? —dixo a anciá Ma Parker—. Que fixen?

E mentres pronunciaba estas palabras deixou caer de súpeto o plumeiro. Atopouse na cociña. O seu sufrimento era tan tremendo que volveu cravar o sombreiro, puxo a chaqueta e saíu do apartamento como nun soño. Non sabía o que facía. Era como unha persoa tan atordada polo horror do que lle acaba de acontecer, que bota a andar... a ningures... coma se andando puidese fuxir...

Ía frío na rúa. Sopraba un vento xeadado. A xente pasaba moi axiña, moi de présa; os homes camiñaban como tesoiras; as mulleres pisaban como gatos. Pero ninguén sabía nada, a ninguén lle preocupaba. Aínda que se viñese abaixo, aínda que por fin despois de todos aqueles anos se botase a chorar, atoparíase, quixese ou non quixese, sen saída ningunha.

Pero cando pensou en chorar foi coma se o pequeno Lennie saltase nos brazos da avoa. Si, iso é o que quere facer, meu ruliño. A avoa quere chorar. Se puidese chorar agora, e chorar por un bo anaco; por todo, empezando pola primeira casa e a cruel cociñeira, seguindo pola do doutor, polos sete pequenos, pola morte do seu marido, o abandono dos fillos, e por todos aqueles anos de miseria ata chegar a Lennie. Pero chorar como era debido levaría moito tempo. De todos os xeitos, chegara o momento de facelo. Tiña que facelo. Non podía aprazalo máis; non podía agardar máis... Onde podía ir?

“Tivo unha vida dura Ma Parker, abofé que a tivo.” Si, unha vida realmente dura! O seu queixo empezou a tremelicar; non había tempo que perder. Pero onde?, onde?

Non podía ir á casa; Ethel estaba alí. Levaría un susto de morte. Non podía sentar nun banco en calquera parte; a xente viría a facerlle preguntas. E non podía volver de ningunha maneira ao piso do cabaleiro literato; non tiña ningún dereito a chorar nas casas alleas. E se sentaba en calquera escaleira algún policía a increparía.

Pero, seica no non existía lugar ningún onde se puidese esconder e estar soa o tempo que quixese, sen molestar a ninguén e sen que ninguén a amolase a ela? Seica non existía lugar ningún no mundo onde puidese por fin, botarse a chorar?

Ma Parker ficou inmóbil, mirando cara arriba e abaixo. O xélido vento inchoulle o mandil coma se fose un globo. Entón empezou a chover. Non había lugar ningún.